



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

1ª REUNION

Convenio Colectivo (24/01/12)

No día de hoxe, con esta 1ª Reunión, iniciouse a negociación do Convenio Colectivo 2012.

A Dirección como é habitual, non deixou pasar a oportunidade para reincidir sobre a situación actual de crise co fin de favorecer unha negociación que lle permita quitar novas vantaxes sobre o futuro Convenio Colectivo.

Imos negociar un Marco novo que regule as nosas condicións futuras de traballo. Un Marco que observado dende a perspectiva Industrial sabemos que o 2012 seguirá o ritmo do 2011, particularmente para cos traballadores/as do Sistema II, que por non equilibrar as Liñas nun reparto máis equitativo do traballo, están a sufrir con maior peso esta crise no noso Centro.

Pero non é menos certo que ás portas de novos lanzamentos, dos que esperamos unha boa acollida, a situación produtiva cambiará radicalmente, o que, cando menos para a C.I.G. obríganos a pensar en dous escenarios distintos de negociación.

Por iso, a C.I. G. expuxo, para unha vixencia curta, negociar un Convenio transitorio con puntos concretos e fundamentais que, sen representar perdas de dereitos dos traballadores/as, poidamos alcanzar acordos que nos permitan superar esta conxuntura de xeito colectivo. *A nosa proposta é:*

- a) Vixencia (un ou dous anos máximo).
- b) Salario.
- c) Emprego (desvincular deste Convenio a débeda para coa plantilla dos 250 CDI's pertencentes ó ano 2011)
- d) Xornada Laboral.
- e) Saúde Laboral, coa problemática do persoal Limitado incluído.
- f) Ritmos de Traballo.
- g) Quenda de Noite.

De apostar a Dirección por un Convenio de vixencia superior a 2 anos, para a C.I.G., a negociación tería que entrar en profundidade no debate doutras materias que, no noso entender, deben ser revisadas.

Estamos convencidos que a Dirección tratará, en calquera dos escenarios, quitar melloras para os seus intereses, sen respectar os altos sacrificios e perdas de dereitos que levamos deixando no camiño, como máis recentes aí quedaron, *A baixada dos salarios para os traballadores/as de novo ingreso. O lapidar os criterios que regulaban os cambio de Taller. O tema das categorías e promocións. Os 13 minutos de fatiga que diariamente se nos quita, así como outros temas socio-laborais,... etc.*

Dende a C.I.G. amosamos a nosa mellor disposición para intentar acadar acordos como así sucedeu noutros Convenios.

Confederación Intersindical Galega